

TERCEIRA PARTE

BASE DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS.

As bases de presentación das contas informan sobre os principios contables públicos aplicados, así como aqueles que por razóns xustificadas non se aplicasen, incidencia nas contas anuais que se tivese producido e a explicación das causas que puidesen impedir a comparación homoxénea das contas e estados contables.

1.- Principios contables.

Coa Instrución de Contabilidade aprobada por Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro, os principios contables pasan a agruparse, por unha banda, en principios de carácter económico patrimonial, e por outra en principios contables de carácter orzamentario.

1.1. Principios contables de carácter económico patrimonial.

Principio de xestión continuada. Non se alterou no transcurso do exercicio ningún principio, polo tanto, non se require xustificación ningunha por manterse a uniformidade.

Principio de devengo. A imputación temporal de ingresos e gastos efectúase en función da corrente de bens e servizos que estes representan, non no momento en que se produce a corrente monetaria. Os elementos recoñecidos de acordo con este principio son activos, pasivos, patrimonio neto, ingresos e gastos.

Os gastos e ingresos de carácter orzamentario rexístranse no momento en que se ditan os correspondentes actos administrativos. Non obstante, rexístrase a 31/12/2016 na conta 413 "Acredores por obrigas pendentes de aplicar ao presuposto", cos criterios sinalados no informe de Intervención á liquidación do exercicio 2016, "*A conta 413 recolle o importe dos acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro, normalmente por tratarse de facturas recibidas no mes de decembro e que non puideron tramitarse, non obstante, a IGAE ben interpretando a necesidade de utilización de dita conta no senso de que "... En las entidades locales y sus organismos autónomos, el reconocimiento de activos, pasivos, patrimonio neto, gastos e ingresos debe de realizarse desde el punto de vista económico patrimonial, en función de la corriente real de bienes y servicios que los mismos representan, sin perjuicio de los criterios que deban seguirse para su imputación presupuestaria ...". Sendo que o criterio que establecen os plans de contas locais para o recoñecemento dos activos, pasivos e gastos no Balance e na Conta de resultado económico patrimonial ou no Estado de cambios do patrimonio neto é un criterio económico*



CONCELLO DE SANTIAGO

patrimonial (principio de devengo), mentres que o recoñecemento dos gastos presupuestarios no estado de liquidación do orzamento obedece a un criterio de principio de imputación presupostaria. Polo exposto, e seguindo a "Recomendación técnica da Intervención General de la Administración del Estado sobre a utilización da conta 413 "acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto" do plan xeral de contabilidade pública adaptado á administración local de data 4 de outubro de 2016 "no actual exercicio se efectuou a imputación na conta 413 dos gastos efectivamente realizados dos que ten coñecemento a Intervención, e sobre os que, sem embargo, non chegaron a ditarse actos administrativos que permitan o seu recoñecemento orzamentario. Deste seito se aplica a regra xeral do recoñecemento das transaccións económico patrimoniais, nas contas anuais en virtude do principio de devengo na anualidade que se produciran tanto polo que fai aos activos., gastos ou pasivos". En aplicación de tal criterio, o saldo agregado das contas do subgrupo 413 ascenden, a 31/12/2016 a un total de 1.523.517,55 euros.

Principio de uniformidade. Indica este principio que, adoptado un criterio contable dentro das alternativas permitidas, deberá manterse no tempo e aplicarse a tódolos elementos patrimoniais que teñan as mesmas características en tanto non se alteren os supostos que motivaron a súa elección.

Ao non terse alterado no tempo a aplicación dos principios contables, non procede explicación algunha na presente memoria.

Principio de prudencia: Os ingresos contabilizáronse tendo en conta os realmente realizados na data de peche do exercicio. Rexistráronse como dereitos recoñecidos pendentes de ingreso unicamente a subvención concedida pola Unión Europea para o programa Urbana Santiago Norte, e só na porcentaxe que financiaba o gasto que tivera sido obxecto de certificación á autoridade nacional antes do remate de exercicio. Supón a aplicación do criterio contable do Sistema Europeo de Contas. O resto de subvencións contabilizáronse, como criterio xeral, de conformidade co principio de caixa, por terse descoñecido na meirande parte dos casos, o acto administrativo de recoñecemento de obriga por parte do ente concedente, anotándose as concesións só como compromiso de ingreso. Os ingresos contabilizáronse seguindo as normas de valoración 15º e 16º do PXCP aplicable. Non obstante, déixase constancia no informe de Intervención á liquidación 2016 (informe 435/2017) de que *"A dotación de persoal do departamento de intervención non mellorou, constan no actual exercicio novos informes ao respecto, as tarefas de depuración contable dos saldos de dubidoso cobro, pese a terse iniciado, non foi posible materializalas mediante expediente administrativo e elevalo á súa aprobación formal por órgano competente".*

Os gastos contabilizáronse non só cando efectivamente se produciron, senón tamén en determinados casos cando existe un risco previsible. Tendo en conta o

anterior, dotáronse provisións para insolvencias por un importe de 17.552.718,39 euros; na súa determinación tivéronse en conta en primeiro lugar as porcentaxes mínimas para o cálculo do dubidoso cobro preceptuadas no artigo 193.bis TRLRFL; en segundo lugar, e por aplicación do principio de prudencia, dito importe incrementouse coa dotación do 100% das contías recoñecidas e liquidadas pendentes de ingreso dos conceptos 39902, 39190, 39191., 39192, 39200, 39110, 39300 correspondente a multas e sancións, recargas e xuros de mora de exercicios pechados (anos 2011 a 2015 inclusive) con base no escaso movemento e porque amosan un moi baixo estado de recadación efectiva, e como criterio adicional de prudencia. Así mesmo, e dados os recursos interpostos que afectan aos distintos polígonos SUNP37 e SUNP38, que motivaron a anulación parcial dos ingresos do proxecto 2011 2 SUN37 3 no exercicio 2016, procedeuse á dotación polo 100% dos dereitos recoñecidos no exercicio 2011 e pendentes de recadar nos conceptos 39601 e 39610, incrementando a dotación do 75% que correspondería de terse aplicado estritamente o artigo 193.bis TRLRFL.

Seguindo a Norma de Valoración 17ª da Instrución de Contabilidade, procedeuse a dotar como **provisións para responsabilidades** aquelas contías que teñen sido obxecto de reclamación xudicial, e nas que existe unha certa expectativa, ben sexa polo resultado de procesos similares anteriores, ou mesmo porque á data de peche coñecía-se un resultado desfavorable para a Administración, aínda que sen notificación de sentenza xudicial firme que permitía o seu recoñecemento orzamentario; así mesmo, dotáronse gastos nos que, pese a non estar cuantificados por estar pendentes da súa determinación, si era posible efectuar unha aproximación, seguíndose así un criterio de prudencia. A súa contabilización afecta ao resultado económico patrimonial en contía de 4.108.123,73 euros, reflectidos na conta 5820 "Provisión a curto prazo para responsabilidades". Por outra banda, anuláronse aquelas provisións que, dotadas no exercicio 2015, corresponden a gastos que foron aplicados a orzamento en 2016 por un importe global de 1.667.375,10 euros, reflectíndose un saldo a 31 de decembro en dita conta de **5.212.185,88 euros**.

A modo de resumen, as principais dotacións para responsabilidades foron:

- Dotacións para responsabilidades derivadas de procesos xudiciais en materia do servizo de transporte, por un importe de 2.681.135,71 euros, segundo datos remitidos pola asesoría xurídica.
- Provisión para responsabilidades por intereses de demora reclamados por diversas empresas, dos que se deu conta en Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2016. Foi posible cuantificar un importe de 122.208,98 euros, por atoparse cuantificados nas respectivas reclamacións.

- Provisión para responsabilidades derivadas de obras realizadas que, á data actual, atópanse pendentes de facturar por algunha cuestión. En concreto, trátase das obras realizadas na Finca do Espiño, na que se estima , pola posta a disposición do Concello das obras na práctica ,e a súa apertura ao público , o total do gasto devengado ascendeu a 1.141.866,18 euros, a que ascende o saldo de comprometido nos distintos contratos. Non consta, non obstante , certificacións de obra, nin acta de recepción formal das obras .
- Provisión para responsabilidades polo contía de IVE estimado do principal da Sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Santiago, de data 29 de xuño de 2016, recaída no P.O. 515/2013, en relación á inconclusa obra para a construción do parque de Bombeiros en Salgueiriños. Consta acordo de Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2016, referente á interposición de recurso de aclaración. Á data actual non consta conclusión do mesmo, i é esta indefinición na contía a razón pola que se optou polo reflexo contable dunha provisión para responsabilidades en lugar da súa contabilización na conta do subgrupo 413. Polo que se refire ao principal de dita sentenza, por importe de 1.018.205,39 euros, esta foi recoñecida contablemente en 2016 mediante operación ADO 220160036389 e aboada en 2017. Os xuros estimados sobre o principal ata 31/12/2016 foron recollidos na conta 413 por importe de 467.466,73 euros. Tal como queda dito, a indefinición do tipo impositivo de IVA aplicable, pendente da resolución do recurso de aclaración, determinou o diferente tratamento como provisión para responsabilidades por importe de 162.912,86 euros, que representa o 16% sobre o principal.

Provisión por **contenciosos presentados en materia de devolución de ingresos**; mantívose a provisión constituída no exercicio 2016, incrementándose neste ano por importe de 827.577,21 euros, partindo dos datos remitidos pola asesoría xurídica. O saldo final da conta 5850 "Provisión a curto prazo para devolución de ingresos" ascendeu a 31 de decembro a **1.059.894,50 euros**.

Ao abeiro do establecido na Norma de Valoración 18º, dotáronse provisións para transferencias e subvencións por importe de 204.066,62 euros. Dado que se anulou a totalidade das provisións para transferencias correntes dotadas en 2015 por importe de 178.626,09 euros, o saldo final da conta 5880 reflicte a 31 de decembro unha cifra de **246.245,20 euros**.

En resumo, o saldo das provisións a curto prazo (agregación das citadas, e reflectidas no subgrupo 58) era a 31 de decembro de 2016 de **6.518.325,58 euros**.



Por outra banda, rexistráronse todos os soportes documentais que tiveron entrada no rexistro de contabilidade ata o 31 de decembro que tiñan incidencia nos estados e contas anuais.

En consecuencia co anterior, os estados e contas anuais recollen absolutamente todos os feitos contables coñecidos que aconteceron no exercicio, representando os citados estados a imaxe fiel da situación económico- patrimonial e financeira da Entidade local. Constan , non obstante notas preventivas sobre o estado referente ao patrimonio do Concello derivado do estado do inventario de bens

Principio de non compensación. Con carácter xeral naqueles casos en que a Entidade se encontrou con supostos de compensación entre ingresos e gastos, procedeuse ao rexistro de dúas operacións: unha con cargo ao presuposto de gastos e outra no estado de ingresos, dado lugar en cada caso a un pagamento e ingreso virtual (formalización).

Principio de importancia relativa. Tanto no rexistro coma na aplicación dos feitos contables que se produciron ao longo do exercicio non se fixo uso deste principio, e naqueles casos nos que puidese existir algunha dúbida sobre a consideración dalgún pequeno gasto en canto á súa cualificación como de investimento ou de gasto corrente, se acudiu aos criterios de vida útil do citado ben, solicitando informe á unidade xestora correspondente da vida estimada do citado elemento en cuestión, sendo este o criterio de clasificación deste.

1.2. Principios orzamentarios

Respectáronse os principios contables de carácter orzamentario recollidos na normativa orzamentaria aplicable, e en especial os seguintes:

Principio de imputación da transacción. Os gastos e ingresos orzamentarios impútanse de acordo coa súa natureza económica, e no caso dos gastos ademais de acordo coa clasificación orgánica e a finalidade que con eles se pretende conseguir. As obrigas orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servizos, prestacións ou gastos en xeral impútanse ao presuposto do exercicio, coas salvidades establecidas no TRLRHL e Bases de Execución do Presuposto.

Principio de desafectación. Con carácter xeral os ingresos non teñen carácter de afectados, é dicir, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos da devandita natureza. Naqueles supostos en que os ingresos tivesen a consideración de afectados, realízase un control separado destes a través dos proxectos de gastos e ingresos, analizando en cada caso a desviación de financiamento se a houbese para os efectos do cálculo do Resultado orzamentario e do Remanente de Tesourería.

1.3. Outros incluídos como principios no PCN´04 e que perderon dito carácter coa actual normativa.

Os antigos principios contables de prezo de adquisición, correlación de ingresos e gastos, rexistro e entidade contable, que figuraban no PCN´04, perden dito carácter no novo Plan de contas, se ben nos referimos a eles por canto que figuran incluídos en outras partes do marco conceptual. Así, os principios de correlación de ingresos e gastos e de rexistro aparecen formulados como criterios de rexistro no apartado 5º, o principio de entidade contable pasa ao apartado 1º e o principio de prezo de adquisición inclúese entre os criterios de valoración do apartado 6º. A eles nos referimos a continuación:

Principio de entidade contable. Constitúe entidade contable tanto a Entidade local como cada un dos entes dela dependentes. Cada un dos entes que a conforman son suxeitos contables, con independencia da consolidación de estados que se estableza; ata a data, o Pleno da Corporación non aprobou norma algunha de consolidación.

Principio de rexistro: Todos os feitos contables se rexistraron na orde cronolóxica en que se produciron tendo en conta a data da súa entrada no departamento de Intervención (departamento que na práctica realiza funcións contables) non existindo neste senso lagoas nin saltos na información contable.

Principio do prezo de adquisición. Esta é a norma xeral, nos casos de obras realizadas pola administración, o prezo do ben confórmao o custo de execución.

Principio de correlación de ingresos e gastos. O sistema contable pon de manifesto esta correlación. O resultado económico- patrimonial constitúeo a diferenza entre os ingresos e os gastos económicos, é dicir, os de carácter orzamentario e non orzamentario , o resultado representa o aforro bruto positivo ou negativo.

2.- Imaxe fiel.

As contas anuais deben subministrar información útil para a toma de decisións económicas e constituír un medio para a rendición de contas da entidade polos recursos que lle foron confiados. Para iso, debe redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial, e da execución do presuposto da entidade contable.

A presentación das contas anuais do 2016, realízase coas seguintes **limitacións**:

a).- Inventario de bens.

Reitérase unha vez máis que o Concello non dispón dun inventario actualizado nin dun inventario dos bens que integran o Patrimonio Municipal do Solo en que de forma detallada e suficiente se clasifiquen os bens e dereitos que o compoñen coa correspondente valoración destes, polo que, mentres non se elabore, se aproximan ao principio de imaxe fiel os datos de entradas e saídas do inmovilizado, pero non así a contía dos saldos finais.

Esta circunstancia implicou notables limitacións na presentación das contas de exercicios anteriores tal e como constan nas Memorias e informes de Intervención e na aplicación das modificacións e axustes establecidos no actual Plan de Contabilidade, na parte que se refire ao Inmovilizado.

b).- Amortización do inmovilizado.

Ata o exercicio económico correspondente ao ano 2009 non se dotaran amortizacións do inmovilizado, tal e como se expón nas memorias ás Contas Xerais dos exercicios posteriores ao devandito ano. Dende o exercicio 2012 en diante, se fixa de novo idéntico criterio ao utilizado ata o ano 2009, salvo polo que fai a continuidade nas amortizacións iniciadas.

Non obstante, no exercicio 2015, con continuidade no presente 2016 optouse por retomar o criterio iniciado nos exercicios 2011 e 2012, continuando a dotación da amortización dos bens que xa foran obxecto dela en contas anteriores (exceptúanse, polo dito anteriormente, o activo adquirido nos exercicios 2013 e 2014), e retómase a amortización dos elementos de activo amortizables adquiridos no exercicio 2015 e seguintes, dando lugar todo elo ás oportunas anotacións contables con repercusión no resultado económico patrimonial.

As dotacións á amortización do inmovilizado conteñen notables limitacións no seu cálculo:

- 1) Inventario sen actualizar. O departamento de Intervención- Contabilidade efectúa os cálculos de amortizacións dos distintos elementos de inventario de xeito practicamente manual, mediante a obtención dos datos da contabilidade orzamentaria (obrigas recoñecidas no capítulo 6) en algún dos elementos do activo, e efectuando cálculos de amortización manuais que, posteriormente, se reflicten contablemente mediante asentos directos.
- 2) Deficiencias na remisión de información sobre actas de recepción do inmovilizado, sobre cesións gratuítas e outros actos administrativos que poidan afectar a estes elementos do activo. A diferenza do exercicio 2015, no que non foi posible contabilizar os asentos de inmovilizado derivado das distintas recepcións, por falta de información ao respecto, neste exercicio dende o departamento de Intervención- contabilidade se fixo un notable esforzo de compilación de dita información. Por elo, en varios elementos do inmovilizado contabilizados como 2320 "infraestruturas en curso", levouse a cabo o seu

traspaso á conta 2120 “Inmobilizacións materiais. Infraestruturas” por importe de 469.773,46 euros.

- 3) Insuficiencia tanto de medios persoais como de medios materiais, estes últimos derivados entre outros da ausencia dunha aplicación informática para a levanza do inventario, sendo a actualización do mesmo, xunto coa dotación de medios persoais para o seu mantemento, premisa esencial para levar a cabo dita informatización e consecuente axeitada contabilización.

Dado o esforzo de compilación das actas de recepción dos bens tanto do exercicio como de exercicios anteriores, que debe continuarse, foi posible o inicio na amortización dos bens afectados. Por mor de limitacións tanto de tempo como de persoal, procedeuse á práctica regularización da información dispoñible dos exercicios 2016 e 2015, non obstante deberá continuarse a liña de regularizacións, sen prexuízo da imprescindible actualización do inventario citada e informatización da información dispoñible.

No actual exercicio, mantendo o criterio utilizado nos dous últimos anos pechados, dotáronse as correspondentes amortizacións polos bens activados e os activos. Reflectíronse, coas limitacións citadas, dotacións á “amortización do inmovilizado” por un importe de 1.191.284,69 euros. O método de amortización é o método lineal e a vida útil estimada é a seguinte:

INMOBILIZADO	ANOS DE VIDA UTIL
Construcións	50
Inmobles adscritos ou cedidos a terceiros	50
Obras de urbanización	40
Infraestruturas deportivas	25
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria, Instalacións e Utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5
Fondo bibliográfico e outros	8

O criterio seguido para o cómputo do inicio do período de amortización é en termos xerais o mes seguinte ao da data de recoñecemento da obriga correspondente e/ou no mes seguinte da recepción da obra e/ou subministración segundo o soporte documental que obre no departamento de contabilidade ao peche do exercicio correspondente. O valor residual considérase non significativo, polo que segundo o principio de importancia relativa non se ten en conta para a determinación da base de cálculo sobre a que se efectúa a amortización.

Coas deficiencias e omisións apuntadas as dotacións á amortización anuais rexístranse de forma agregada na contabilidade, pero ao non existir inventario de bens non existe soporte informativo a nivel individual aínda que tentaron de elaborarse de xeito practicamente manual as relativas aos bens dos que consta acta de recepción.

c).- Cesión en uso de bens.

O artigo 109.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece que os bens inmuebles que forman parte do patrimonio da Entidade Local, poderán cederse gratuitamente a outra Entidade calquera que sexa a súa forma xurídica, para fins públicos ou de interese social.

A actual Instrución de contabilidade dedica a norma de valoración número 19º ás adscricións, e outras cesións gratuítas de uso de bens e dereitos. A cesión supón a transferencia da posesión física dos bens, pero non da súa propiedade. O suxeito que entrega os bens ou cedente, segue sendo o titular de bens os que traspasa ao que os recibe ou cesionario.

As operacións de cesión de bens é unha operación sen incidencia orzamentaria, e o seu rexistro e valoración, tanto na entidade beneficiaria ou cesionaria dos bens ou dereitos como na entidade aportante ou cedente, efectuarase de acordo cos criterios establecidos na norma de recoñecemento e valoración número 18º "Transferencias e subvencións", valorándose polo valor contable dos elementos entregados, no caso do ente concedente, e como regra xeral polo seu valor razoable no momento do recoñecemento, no caso do ente beneficiario.

A situación do inventario de bens arrastra efectos na imaxe fiel das anotacións contables dos bens cedidos.

Os investimentos realizados polo Concello e afectados ao servizo de abastecemento e saneamento de auga, que se vén xestionando en réxime de concesión administrativa, segundo consta nas memorias das Contas Xerais de exercicios anteriores, comezou a realizarse no exercicio do 2010 e para os bens activados a partir do devandito ano; por este feito como polo feito de que non se continuara o seu rexistro contable dende o exercicio 2012, as contas implicadas non reflicten no seu saldo a verdadeira situación dos bens correspondentes. É obriga da concesionaria levar un inventario detallado de dito inmovilizado por obriga contractual. Os expedientes onde consta as actas de cesión efectiva e o citado inventario, non constan nas oficinas de contabilidade a data 31 / 12 / 2016

d).- Adscrición de bens.

A adscrición de bens consiste, segundo o indicado na citada norma de valoración 19º, en aquelas operacións polas que se transfiren gratuitamente activos para o seu emprego pola entidade receptora en un destino ou fin determinado, de xeito que si os bens ou dereitos non se empregaran para a finalidade prevista deberían ser obxecto de reversión ou devolución á entidade aportante dos mesmos, xa sexa como consecuencia do establecido na normativa aplicable ou mediante un acordo vinculante entre ditas entidades.



Dentro das adscricións inclúense tanto as realizadas dende unha entidade pública a os seus organismos públicos dependentes coma entre organismos públicos dependentes dunha mesma entidade pública.

As operacións de adscrición non teñen repercusión orzamentaria, e o mesmo que as cesións, o seu de recoñecemento e valoración regúlanse na norma de valoración número 18º "Transferencias e subvencións"

Do Concello de Santiago depende un organismo autónomo: Auditorio de Galicia, se ben nin no balance do Concello nin no do Organismo Autónomo, nin neste nin nos anos anteriores, figura reflexo contable da adscrición de bens a dito organismo. Realizáronse actuacións por parte da Intervención municipal tendentes a regularizar esta omisión. O mesmo cabe dicir respecto da Fundación Refuxio de Animais, nos que se detectou a inexistencia dunha cesión/adscrición formal do edificio. No exercicio 2017, esta circunstancia púxose de manifesto ao departamento de Patrimonio por parte da Intervención municipal a efectos de solucionar dita omisión e proceder ao reflexo contable conforme ao principio de imaxe fiel.

Parecida situación se reflicte nos entes dependentes e sociedades participadas en canto utilizan ou teñen adscritos bens de titularidade municipal ou dereitos de uso (sociedade TUSSA , SETEX , Fundación Granell.....)

e).- Conta de Terreos.

Segundo consta na memoria da Conta Xeral de exercicios anteriores a conta de terreos do inmovilizado material viña reflectindo saldo negativo.

Este saldo negativo, derivaba do tratamento contable de rexistrar en contas de balance os movementos de activos que teñen como contrapartida un fluxo financeiro, pero sen relacionar os devanditos apuntamentos cunha anotación no inventario dado que este non existe, co que se rexistraron saídas de bens que non estaban activados, como é o caso dos bens do Patrimonio Municipal do Solo como consecuencia de transformacións urbanísticas, o que deu lugar a que dende aproximadamente o ano 2006 a conta de terreos no balance do Concello viñer presentando un saldo negativo, segundo se desprende da información que conforma as Contas Xerais de anos anteriores.

A partir do ano 2010 leváronse a cabo unha serie de regularizacións no saldo desta conta para corrixir o seu saldo tomando como base o valor de adquisición no intre da entrada no patrimonio do Concello

f). Patrimonio Municipal do Solo.

O Patrimonio Publico do Solo, é un patrimonio separado dentro do patrimonio das Entidades locais, por estar afectado a uns fins especiais de carácter esencialmente urbanístico e polo tanto os bens dereitos que o integran deberán incluírse no Inventario de bens da entidade debidamente separados do resto de bens.

Segundo consta na Memoria das Contas Xerais de anos anteriores, comezouse a rexistrar as operacións patrimoniais correspondentes aos bens do PMS a partir do ano 2010.

Así mesmo, mediante acordo do Pleno da Corporación en data do 25 de setembro de 2008 o Concello constituíu formalmente o PMS, pero non existe un inventario específico dos bens aprobado , co cal non se deu un contido material a aquel acordo plenario de constitución, dado que este non se acompaña dun inventario ou un rexistro específico de bens ou dereitos do PMS.

g) Outras incidencias no inmovilizado.

- O IVE soportado deducible non formou parte do prezo de adquisición dos bens e servizos obxecto das operacións gravadas polo imposto, e foi obxecto dunha rúbrica específica. Detectouse no exercicio 2016 a incorrecta consideración como maior custe dos gastos por IVE das obras de urbanización realizadas polo Concello tanto no SUNP 11- Castiñeiriño como no SUNP-5, A Muiña. Procedeuse á regularización de dita circunstancia tanto pola parte do incremento do IVE soportado, que afectou á liquidación coa AEAT do cuarto trimestre de 2016 como, ao afectar a contas de balance, ás respectivas contas de activo, procedendo a corrixirse a súa sobrevaloración. Supuxo unha minoración nas contas 2320 e 2120 inicialmente incrementadas de xeito incorrecto por importe global de 451.454,19 euros e un incremento no IVE soportado derivado de ditas correccións por importe global de 451.454,19 euros.

h) Altas por cesión

Reflicítese os bens cedidos gratuitamente ao abeiro do Convenio asinado entre o Concello e a Dirección Xeral de Tráfico o 31 de maio de 2016 e previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local de 11 de marzo de 2016. Dos informes incorporados ao expediente derivouse un valor do inmovilizado cedido pola DXT ao Concello por importe de 238.626,46 euros, que se considerou como valor razoable procedéndose ao reflexo do seu valor no activo (conta 2150), conforme aos criterios sinalados nas normas de valoración 18º ("Transferencias e subvencións" e 19º ("Adscricións, e outras cesións gratuítas de uso de bens e dereitos").